

Estimadas Familias:

Xa estamos chegando ao remate do curso. De cara a este tempo que nos queda do curso 2006-07, é preciso ter en conta as seguintes informacións:

1. **XORNADA CONTINUADA EN XUÑO:** Tódolos alumnos terán xornada continua **a partir do día 4 de xuño, luns**. O horario é o seguinte:
  - **E. Infantil e Primaria:** 9.45 a 13.30 h.
  - **Secundaria:** 8.40 a 13.30 h.
  - **Bacharelato:** Mantén o mesmo horario do curso, agás 2º.
2. **FESTAS DE FIN DE CURSO:**
  - **31 de maio:** Festival de Inglés para os alumnos e alumnas de Inglés extraescolar.
  - **2 e 3 de xuño:** Festas do Colexio. Acompañase o folleto das mesmas.
3. **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:** Rematan o 31 de maio, xoves.
4. **SERVICIO DE COMEDOR:** Durante o mes de xuño mantense o servizo de comedor. Haberá tamén servizo de autobús ás 15.00 horas para os alumnos de comedor.
5. **VACACIÓNS:** As clases rematan oficialmente o día **22 de xuño** (venres). O día 15 de xuño farase entrega do boletín de notas da 3ª avaliación. Os alumnos de ESO e 1º BAC que non teñan ningunha materia pendente rematan ese día as clases.

**A entrega dos boletíns finais de notas farase nas seguintes datas:**

- 📅 22 de xuño, venres: E. Primaria (os alumnos de Infantil levarán un informe).
- 📅 25 de xuño, luns: Secundaria e 1º Bacharelato.

**Atención a Pais e Nais:** Recibido o *Informe do curso* ou *Boletín de notas final*, as familias de Infantil e Primaria poderán falar cos titores o día 25 de xuño, de 9.30 a 10.45 h. da mañá. As familias de Secundaria e Bacharelato serán atendidas o día 26, no mesmo horario.

6. **Formalización da matrícula:** Os alumnos que foron admitidos nos niveis de Infantil, Secundaria e Bacharelato deberán matricularse nas seguintes datas, e en horario de secretaría:
  - Infantil e Primaria: 20 a 30 de xuño.
  - ESO e BAC: 25 de xuño a 10 de xullo.Os alumnos do Centro que non renunciaron a súa praza xa se dan por matriculados.
7. As **familias de novos alumnos** quedan convocadas a unha **reunión** de información sobre a organización e funcionamento do Colexio o día 14 de xuño, ás 19.30 h.
8. **Libros de texto:** A lista dos libros de texto e material complementario para o próximo curso estará exposta no Taboleiro de anuncios do Colexio a partir do día 18 de xuño. Con respecto ao **Programa de Gratuidade de Libros, para o vindeiro curso entran no programa os cursos de 1º e 3º ESO**. Xa se lles enviará a correspondente circular de convocatoria ás reunións de información, que se levarán a cabo no mes de xuño.
9. **Actividades lúdicas de verán:** O **MOVIMENTO CALASANCIO** de Galicia organiza este ano o **Campamento de Verán** nas instalacións do noso colexio. Será do 15 ao 25 de xullo. A semana próxima xa se lles entregará información máis detallada. Tamén contamos coa participación de **ACTIVA**, que organiza para Infantil e Primaria o Taller de xuño (tardes de xuño, desde o 4 ata o 22), así como o Campamento urbano desde o 25 de xullo ata finais de xullo (xornada de mañá).

10. **Selectividade:** Os alumnos e alumnas de 2º de Bacharelato examinaranse das Probas de acceso á Universidade (PAAU) os días 13, 14 e 15 de xuño. Pidamos por todos eles para que acaden bos resultados.

Con esta circular remitimos un **acuse de recibo** da mesma, que os alumnos deben entregar aos seus respectivos Titores asinados por Vostedes.

Agardando que este final de curso sexa positivo para todos, reciban un cordial saúdo.

A DIRECCIÓN